ceoinfo

Boletín de actualidade empresarial

15 de setembro de 2006 / Nº 6

# Últimos meses para presentar o informe preliminar das actividades contaminantes de solo

**A Confederación presta asesoramento ás empresas á hora de tramitar este informe**

O vindeiro **7 de febreiro de 2007** cúmprese o prazo para que tódalas **empresas que desenvolvan actividades potencialmente contaminantes do solo** presenten ante a Consellería de Medio Ambiente o **informe preliminar de situación**, requirido no **Real decreto 9/2005** do 14 de xaneiro, e que supón un primeiro paso para o desenvolvemento normativo da Lei 10/1998 en materia de solos.

No seu anexo I esta normativa recolle a clasificación de tódalas **actividades consideradas coma contaminantes** do solo que, das máis dun centenar citadas, atinxen a sectores coma o da **madeira**, o **carrozado ou reparación de vehículos, a industria e comercio por xunto de diferentes produtos químicos e metálicos, ou o depósito e almacenaxe de mercancías perigosas.**

Do mesmo xeito, no anexo II detállase o **alcance e contido mínimo do informe preliminar** de situación do solo, que estas empresas afectadas están obrigadas a presentar.

O dito informe contemplará os **seguintes apartados:**
1.- Datos xerais da actividade
2.- Materias consumidas de carácter perigoso
3.- Produtos intermedios ou finais de carácter perigoso
4.- Residuos ou subproductos serrados
5.- Almacenamento
6.- Áreas produtivas
7.- Actividades históricas

**Máis información no teléfono 988 39 11 10**

O informe escrito terá que ser presentado ante a Consellería de Medio Ambiente con rexistro de entrada, ou ben a través da Internet, na dirección **http://solos.medioambiente.xunta.es** na que, unha vez rexistrado o usuario, ten que seguir os pasos que se van indicando no programa.

No artigo 9, o Real decreto referido anteriormente, estipula o **réxime sancionador**, e determina que "as infraccións cometidas contra o disposto neste Real decreto estarán sometidas ó réxime sancionador regulamentado na Lei de residuos 10/1998, de 21 de abril, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde que tiveran lugar".

**No Departamento de Calidade e Medio Ambiente da Confederación Empresarial, as empresas afectadas por esta normativa atoparán toda a información necesaria tanto das repercusións do Real decreto coma da tramitación do escrito referido ante a Consellería de Medio Ambiente. (Contactar con Graciela Herreros no teléfono 988 39 11 10)**

## Sumario:

02 Lexislación a fondo
03 Axudas e subvencións
04 Calendario fiscal
05 Normativa
06 Consultorio xurídico
07 Calendario de feiras
08 Zona CEO

## O Regulamento xeral de circulación modifica aspectos no uso dos dispositivos de seguridade



No BOE do pasado 5 de setembro foi publicada a modificación do Regulamento xeral de circulación, norma mediante a que se detalla, entre outras cuestións, o **uso obrigatorio dos cintos de seguridade** e outros sistemas de retención homologados en vehículos destinados ó **transporte de mercancías**, vehículos mixtos e aqueles destinados ó **transporte de persoas** con máis de 9 prazas, incluído o condutor, nos que sen ningún tipo de límite de masa máxima autorizada establécese a obriga de utilizar o cinto de seguridade por todos aqueles que ocupen asentos equipados con estes dispositivos.

Ademais, este Real decreto regula detalladamente outras novidades como son a **obriga de utilizar cintos e outros dispositivos de seguridade** homologados por determinadas persoas en función da idade e a talla.

Así mesmo, con esta modificación adáptase o contido do Regulamento xeral de circulación ás modificacións do Texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, levadas a cabo pola Lei do 19 de xullo de 2005, pola que se regula o permiso de condución por puntos.

Con esta fin, revisouse a cualificación dalgunhas infraccións que pasaron na lei de te-la consideración **de infraccións leves a graves**, como a non utilización dos dispositivos de seguridade de uso obrigatorio, ou o uso de teléfonos móbiles durante a condución.

## Adianto do calendario laboral do ano 2007

O pasado 7 de agosto do 2006, saíu publicado no Diario Oficial de Galicia o **calendario de festas laborais para o vindeiro ano**, por isto e conforme o establecido no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores, as festas laborais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia serán as seguintes:

1 de xaneiro.....Aninovo
6 de xaneiro.....Día de Reis
5 de abril .....Xoves Santo
6 de abril .....Venres Santo
1 de maio .....Festa do Traballo
**17 de maio.....Día das Letras Galegas**
**25 de xullo.....Santiago Apóstolo. Día de Galicia**
15 de agosto .....Asunción da Virxe
12 de outubro .....Festa da Hispanidade
1 de novembro .....Tódolos Santos
6 de decembro .....Día da Constitución Española
8 de decembro .....Inmaculada Concepción
25 de decembro .....Nadal



As festas mencioadas terán o carácter de **retribuídas e non recuperables, agás o día 17 de maio, Día das Letras Galegas**, que terá carácter de recuperable, é dicir, que o seu goce será obrigatorio, se ben as empresas poderán optar pola súa recuperación.

Do mesmo xeito, tamén serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, **dúas festas locais**, que serán determinadas pola Delegación Provincial da Consellería de Traballo, por proposta de cada Concello, e que se publicarán no BOP nos vindeiros meses, polo que unha vez que sexan publicadas, engadiránse á lista de festas laborais programadas para o ano 2007.

O Estatuto dos traballadores **obriga a cada empresa a dispor dun calendario laboral** en cada un dos centros de traballo, e a situalo nun lugar visible e accesible para tódolos traballadores. A Confederación Empresarial de Ourense, co fin de facilitar o cumprimento desta obriga porá a disposición das empresas asociadas -unha vez sexan publicados os festivos locais-o calendario laboral para o ano 2007, que poderán **recoller, de xeito totalmente gratuíto, na sede da CEO.**



# Axudas e Subvencións

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

**Denominación:** Plan renove de electrodomésticos

**Obxectivo:** Fomentar a redución do consumo de enerxía eléctrica no sector doméstico a través da substitución de electrodomésticos antigos por equipos con etiquetado enerxético de clase A ou superior, de mellor nivel de eficiencia enerxética.

**Beneficiarios**: Persoas residentes en Galicia que substitúan un único electrodoméstico antigo por outro con etiqueta enerxética de clase A ou superior.

**Contía das axudas**: No caso dos frigoríficos, combis, lavadoras e lavalouzas a contía de axuda individual e de 75 euros. E de 150 euros, no caso dos conxeladores. En calquera caso a subvención non poderá superar o 25% do prezo do electrodoméstico.

**Proceso de adhesión dos comercios:** O Inega facilitará aos comercios que os requiran e a través da aplicación informática habilitada para o efecto,(www.inega.es/planrenove), os formularios de adhesión ao Plan renove de electrodomésticos.

**Prazo de presentación das solicitudes:** O prazo de presentación das solicitudes estará aberto dende o vindeiro día 1 de setembro ata o 31 de decembro deste ano.

## VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

**Denominación:** Axudas para o acceso das mulleres á cotitularidade de explotacións como fórmula de integración laboral da muller e estímulo ás mulleres emprendedoras.

**Obxectivo:** A concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva ás mulleres labregas galegas para lles facilitar o acceso á cotitularidade das explotacións agrarias prioritarias da Consellería do Medio Rural, como medio axeitado para a posta en valor, o recoñecemento social e legal e a garantía de dereitos do traballo das mulleres nas explotacións agrarias.

**Beneficiarios:** Poderán ser beneficiarias destas axudas:

- As mulleres desempregadas que accedan á cotitularidade dunha explotación agraria a través da alta no Rexistro de explotacións agrarias prioritarias da Consellería do Medio Rural e da correspondente alta na Seguridade Social.
- As mulleres que, en situación de alta na Seguridade Social, no réxime especial agrario por conta propia ou no de autónomas, acceden por primeira vez á cotitularidade dunha explotación agraria na que traballan causando alta no rexistro de explotacións agrarias prioritarias da Consellería do Medio Rural.

**Contía das axudas:** As axudas consistirán nunha prima, por unha soa vez por explotación e beneficiaria, de 2 00 euros pola inscrición das solicitantes no rexistro de explotacións agrarias prioritarias da Consellería do Medio Rural.

**Prazo de Presentación das Solicitudes:** Ata o 30 de novembro de 2006.

**DOG** – 18 de agosto de 2006

# Calendario Fiscal

## Ata o día 6

**IMPOSTOS ESPECIAIS** — **Modelos**

- Setembro 2006. Tódalas empresas ....511
- Agosto 2006. Grandes empresas (*) ....553, 554, 555, 556, 557, 558
- Agosto 2006. Tódalas empresas (*) ....570, 580

(*) Os operadores rexistrados e non rexistrados, representantes fiscais e receptores autorizados (grandes empresas), utilizarán para tódolos impostos o modelo. ....510

| OUTUBRO 2006 | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| L | M | Me | X | V | S | D |
| | | | | | | 1 |
| 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |
| 30 | 31 | | | | | |

## Ata o día 20

**RENDA E SOCIEDADES**

Retencións e ingresos a conta de rendementos do traballo, actividades profesionais, agrícolas, gandeiras e forestais, premios e determinadas imputacións da renda, ganancias de transmisións ou reembolsos de accións e participacións das institucións de inversión colectiva, e rendas de arrendamento de inmobles urbanos e capital mobiliario.

**Modelos**

- Terceiro trimestre 2006 ....110, 115, 117, 123, 124, 126,128
- Setembro 2006. Grandes empresas ....111, 115, 117, 123, 124, 126, 128

Pagos fraccionados renda terceiro trimestre 2006:
- Estimación directa ....130
- Estimación obxectiva ....131

Pagos fraccionados sociedades e establecementos permanentes de non residentes
- Exercicio en curso:
  - Réxime xeral ....202
  - Grandes empresas (excepto grupos fiscais) ....218
  - Réxime de consolidación fiscal (grupos fiscais) ....222

**IVE**
- Terceiro trimestre 2006. Réxime xeral ....300
- Terceiro trimestre 2006. Réxime simplificado ....310
- Terceiro trimestre 2006. Réxime xeral e simplificado ....370
- Setembro 2006. Grandes empresas ....320
- Setembro 2006. Exportadores e outros operadores económicos ....330
- Setembro 2006. Grandes empresas inscritas no Rexistro de Exportadores e outros operadores económicos ....332
- Terceiro trimestre 2006. Operacións asimiladas ás importacións ....380
- Terceiro trimestre 2006. Declaración recapitulativa de operacións intracomunitarias ....349
- Terceiro trimestre 2006. Servizos vía electrónica ....367
- Solicitude de devolución recargo de equivalencia e outros suxeitos ocasionais ....308
- Terceiro trimestre 2006. Declaración-liquidación non periódica ....309
- Reintegro de compensacións no réxime especial de Agricultura, Gandeiría e Pesca ....341

**IMPOSTOS SOBRE AS PRIMAS DOS SEGUROS**
- Setembro 2006 ....430

**IMPOSTOS ESPECIAIS**
- Terceiro trimestre 2006. Excepto grandes empresas ....553
- Xullo 2006. Grandes empresas ....561, 562, 563
- Terceiro trimestre 2006. Impostos sobre a electricidade ....560
- Setembro 2006. Grandes empresas ....560
- Setembro 2006. Tódalas empresas ....564, 566
- Terceiro trimestre 2006. ....E21
- Terceiro trimestre 2006. Solicitudes de devolución:
  - Introdución en depósito fiscal ....506
  - Envíos garantidos ....507
  - Ventas a distancia ....508
  - Consumos de alcohol e bebidas alcohólicas ....524
  - Consumo de hidrocarburos ....572

**IMPOSTOS SOBRE VENDAS RETALLISTAS DE DETERMINADOS HIDROCARBUROS**
- Terceiro trimestre 2006 ....569

## Ata o día 31

**NÚMERO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL** — **Modelos**

- Terceiro trimestre 2006. Contas e operacións das que os titulares non facilitaron o NIF ás entidades de crédito ....195
- Terceiro trimestre 2006. Relación de persoas ou entidades que non comunicaron o seu NIF ao outorgar escrituras ou documentos onde consten os actos ou contratos relativos a dereitos reais sobre bens inmobles ....197

**CONTA CORRENTE TRIBUTARIA**
- Solicitude de inclusión para o ano 2007 ....CCT

A renuncia ao sistema de conta corrente en materia tributaria formularase en todo caso por escrito en calquera momento, podendo utilizarse o modelo de "solicitude de inclusión/comunicación de renuncia ó sistema de conta corrente en materia tributaria"

# Normativa

**Principais normativas publicadas nos distintos boletíns oficiais (provincial, rexional e estatal) sobre medidas de interese para determinadas actividades económicas ou colectivos empresariais.**

Resolución do 18 de maio de 2006 pola que se fai público o modelo do **libro de visitas** da Inspección de Traballo e Seguridade Social en versión bilingüe. (DOG 12/06/06)

Lei 2/2006, de dereito civil de Galicia. (DOG 29/06/06)

Real decreto 809/2006 polo que se revisa a **tarifa eléctrica** a partir do 1/07/06. (BOE 01/07/06)

Resolución de 28 de xuño de 2006 pola que se fai público o **tipo de xuro de demora aplicable ás operacións comerciais** durante o segundo semestre do ano 2006. (BOE 01/07/06)

Lei 23/2006 pola que se modifica o texto refundido da **Lei de propiedade intelectual**. (BOE 08/07/06)

Decreto 108/2006 polo que se establece a **ordenación turística** dos restaurantes e das cafetarías de Galicia. (DOG 11/07/06) Corrección de erros DOG 8/09/06.

Real decreto 807/2006 polo que se modifica o Regulamento xeral sobre **cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social**, e o Regulamento xeral sobre inscripción de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social. (BOE 15/07/06)

Real decreto 864/2006 para a mellora do sistema de protección por **desemprego dos traballadores agrarios**. (BOE 15/07/06)

Real decreto 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións. (BOE 25/07/06)

**Vaga de Incendios:** Decreto 138/2006 de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos e perdas causados pola vaga de incendios que asolaron Galicia entre os días 4 e 14 de agosto. (DOG 28/08/06). Real decreto-lei 8/2006 polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais en Galicia. (BOE 29/08/06). Ordes do 4 de setembro de 2006 pola que se regula a concesión de axudas para compensar os **danos sufridos en establecementos mercantís e industriais** e as perdas sufridas en **establecementos turísticos**. (DOG 06/09/06)

Decreto 142/2006 polo que se modifica o Decreto 191/2004 de establecementos de turismo rural. (DOG 07/09/06)

## Convenios Colectivos

**Comercio de elementos do metal** de Ourense 2006-2007. (BOP 19/06/06)

**Limpezas de edificios e locais** de Ourense 2006-2007. (BOP 29/06/06)

**Transporte de enfermos** e accidentados en ambulancia. Galicia. (DOG 07/07/06)

**Comercio da pel** de Ourense 2006 (BOP 07/07/06)

**Comercio textil** de Ourense 2006 (BOP 13/07/06)

**Pastelaría, confeitaría,** bolaría, repostaría e pratos precociñados de Ourense 2006-2007 (BOP 22/07/06)

Industrias **vitivinícolas, alcoholeiras e sidreiras** de Ourense, 2006-2008 (BOP 24/07/06)

Acordo referente ao período de proba e a **premios de xubilación** ou similares que se incorporen ao III Acordo laboral de ámbito estatal do sector de hostalaría. (BOE 27/07/06)

IV Acordo sectorial estatal de **formación continua** no sector de comercio. (BOE 27/07/06)

**Comercio de alimentación** de Ourense 2006–2008 (BOP 07/08/06)

Acordo sobre **saúde laboral** do II Convenio colectivo estatal da madeira. (BOE 11/08/06)

# Consultorio Xurídico

**Teño unha pequena empresa e gustaríame contratar a unha persoa acabada de licenciar. ¿Que tipo de contrato e en que condicións podo incorporalo á empresa?**

O contrato máis axeitado neste caso é o contrato en prácticas. Para facer este tipo de contrato a persoa que se vai contratar ten que ter a formación adecuada ao traballo que vai desempeñar. Pódese contratar aquela persoa que teña concluídos os seus estudos,sempre **que non transcorreran máis de catro anos desde entón**. A duración deste contrato non pode ser inferior a seis meses nin superior a dous anos, e debe facerse por escrito. A retribución dos traballadores contratados en prácticas debe ser fixada no convenio colectivo, e no seu defecto, **non pode ser inferior ao 60% e ao 75%** durante o primeiro e o segundo ano de vixencia do contrato, respectivamente, do salario fixado en convenio para un traballador que desempeñe o mesmo posto ou equivalente, sempre que estas cantidades non sexan inferiores, en ningún caso, ao salario mínimo interprofesional. A Consellería de Traballo, concede determinadas **subvencións para a contratación en prácticas** de menores de 30 anos pertencentes a colectivos de difícil inserción laboral, pero neste caso a duración do contrato non pode ser inferior a un ano.

**Fai un mes que a miña empresa comparece nun xuízo por despido. Acaban de notificarnos a sentenza declarando nulo ese despido. ¿Hai un prazo para cumprila?**

Cando unha sentenza declara a nulidade dun despido, o empresario ten que proceder a readmitir inmediatamente ao traballador no seu mesmo posto de traballo **aboándolle os salarios que deixou de percibir** dende a data do despido. O habitual é que o empregado solicite que o readmitan e o xuíz requirirá que se actúe no prazo de 3 días. Se a readmisión non se produce ou se fai de forma irregular o traballador ten 20 días para acudir ao xulgado e solicitar a execución do fallo. As partes son citadas para que aleguen e proben o que crean conveniente coa fin de indicar se se produciu ou non a readmisión ou se foi efectuada en condicións distintas a aquelas que rexían no momento do despido. Se o empresario non cumpre tras esta citación, o xuíz adopta medidas, como facer que o traballador perciba o seu salario, para o que **ordena o pago de seis mensualidades** tantas veces como sexa necesario ata a reincorporación, mentres que o traballador seguirá en alta e cotizando á Seguridade Social. Se a empresa proba que non é posible a reincorporación por peche ou cese da actividade, o xuíz dá por extinguida a relación laboral. A empresa é condenada a pagar os salarios deixados de percibir ata ese momento máis unha indemnización de 45 días por ano de servizo, e un suplemento de outros 15 días por ano ata un máximo de 12 mensualidades. Non obstante, recoméndase que sexa o empresario quen tome a iniciativa, o que pode evitar o **pago innecesario de salarios de tramitación**.

**Se desexa enviar as súas consultas a esta sección, pode facelo a través da dirección:**

**juridico@ceo.es**

# Calendario de Feiras

**CONSTRUTEC:** Salón da Construcción. Do 9 ao 12 de outubro. Madrid. **www.construtec.ifema.es**

**SALÓN MULTISECTORIAL FEXDEGA:** Feira Xeral de Mostras. Do 11 ao 15 de outubro. Vilagarcía de Arousa. **www.fexdega.es**

**MOTOREPOCA:** Feira do automóbil antigo. Do 13 ao 15 de outubro. Valencia. **www.feriavalencia.com/motorepoca**

**SALONDO:** Salón da Denominación de Orixe e da Delicatessen. Do 16 ao 18 de outubro. Vigo. **www.salondo.com**

**EXPOAVIGA:** Salón Internacional da Técnica Avícola e Gandeira. Do 17 ó 20 de outubro. Barcelona. **www.expoaviga.com**

**CONSTRUCCIÓN:** Feira Internacional da Construcción. Do 18 ao 21 de outubro. Sevilla. **www.fibes.es**

**TECNOFUSTA:** Feira da Maquinaria, Tecnoloxía e Producción da Madeira. Do 19 ao 22 de outubro. Manacor (Mallorca). **www.firesicongressos.com**

**SIF & CO:** Salón Internacional da Franquicia, as Oportunidades de Negocio e o Comercio Asociado. Do 26 ao 28 de outubro. Valencia. **www.feriavalencia.com/sif**

**TERMATALIA:** Feira Internacional do Turismo Termal, Termalismo e Talasoterapia. Do 27 ao 29 de outubro. Ourense. **www.exporense.org**

**EXPOGALAECIA:** Salón de Turismo, Gastronomía e Artesanía. Do 28 de outubro ao 1 de novembro. Vigo. **www.planner-proceltha.com**

**AGROTUR:** Feira de Turismo Rural, Ocio e Aventura. Do 3 ao 5 de novembro. Cornellá de Llobregat (Barcelona). **www.agrotur.com**

**PASARELA GALICIA JÓVENES DISEÑADORES.** Xornadas de Moda e Deseño. Do 3 ao 5 de novembro. Vigo. **www.planner-proceltha.com**

**HABITALIA:** Feira do Fogar. Do 4 ao 12 de novembro. Madrid. **www.habitalia.ifema.es**



## BANG realiza o VI Foro Emprendedor na sede da CEO

A rede BANG continúa coa realización dos Foros destinados a emprendedores, que nesta ocasión daranse cita **na sede da CEO** o vindeiro **4 de outubro, a partir das 10 da mañá.** Nestas reunións, os emprendedores que teñen proxectos na plataforma analizan xunto cos especialistas cal é o mellor xeito de vendelos aos inversores, de cara a conseguir a mellor financiación para facelos realidade.

Tras unha breve introdución da rede e o seu funcionamento, os especialistas en **valoración de plans de negocio**, Enrique Salas e José Luis Montes, comezarán coa súa intervención antes de pasar ás reunións individuais cos emprendedores.

BANG (Bussiness Angels Network Galicia) naceu por iniciativa da Confederación Empresarial de Ourense co fin primordial de crear un **punto de unión entre os inversores -Bussiness Angels- e os emprendedores** que desexen atopar financiación para a súa idea. Nestes foros analízanse os proxectos, revísanse plans de empresa xa admitidos na rede ou preséntanse novos proxectos a potenciais inversores.

**Para máis información contacte con Gema Fernández no teléfono 988 39 11 10, ou ben no correo info@bang.es**

## En marcha a IV edición do Máster en Dirección e Xestión de PEMES

### Comeza en outubro unha nova convocatoria deste postgrao, que ten aberto o prazo de inscripción

Xa vai para catro anos que a Confederación Empresarial de Ourense e a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo comezaron a colaboración para a posta en marcha deste máster enfocado á **dirección de pequenas e medianas empresas.** Os organizadores, que consideran satisfactorio o resultado das anteriores convocatorias, terán **aberto as próximas semanas o prazo de inscripción neste postgrao**, para que os interesados en cursalo formalicen a súa participación na sede dalgunha das entidades organizadoras.

Ao longo das 725 horas, desenvoltas entre os meses de outubro de 2006 e xuño de 2007, os alumnos matriculados cursarán os cinco módulos de que consta o máster: **Dirección e Xestión de PEMES, Habilidades Directivas, Xestión de Recursos Humanos, Innovación Empresarial e Márketing e Comercio Exterior,** que se completarán cun Seminario de Creación de Empresas.

**Para máis información contacte con María de Miguel no teléfono 988 39 11 10**

*Publicidade*

www.ingafor.com

*El principal motor que impulsa a InGaFor es ofrecer a la empresa de hoy los mejores medios técnicos y humanos para garantizar la formación de todos los profesionales que la componen, desde los cuadros directivos hasta los equipos técnicos, en la firme creencia de que dichos conocimientos suponen hoy por hoy el elemento diferenciador que permite a algunas empresas ocupar los puestos de liderazgo en el complicado tejido empresarial.*

Infórmese ahora de las nuevas convocatorias y ayudas para la formación en 2006

InGaFor

Formación sistemática para la mejora de las competencias

INFORMACIÓN: Telfs: 986 493 560 - 986 493 552. Fax: 986 482 801
e-mail: comunicacion@ingafor.com / www.ingafor.com
INGAFOR: Condesa C. Bárcena, 11 bajo. 36204 VIGO. Pontevedra